

## OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA V

NOME DO OBRADOIRO DE EMPREGO: VIGO CAPACITA V.

Expediente: 36/00004/2018

Especialidades: HOTR0108 “Operacións básicas de Cociña”

HOTR0208 “Operacións básicas de Restaurante-Bar”

Data de inicio: 08/11/2018

Data de finalización: 07/08/2019

Entidade Promotora: Concello de Vigo.

Subvencionado pola Xunta de Galicia.

### RESUMO DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS E DOS SERVIZOS E OBRAS

O Obradoiro de Emprego “Vigo Capacita V” ten unha duración de 9 meses, dende novembro de 2018 ata agosto de 2019, cun total de 20 alumnos/as traballadores/as que reciben formación profesional para o emprego dirixida á obtención do certificado de profesionalidade nas especialidades de HOTR0108 Especialidade Operacións básicas de Cociña e HOTR0208 Especialidade Operacións básicas de Restaurante-bar. Contan para o seu desenvolvemento cun equipo directiva da que forman parte un director, unha titora, dous expertos docentes e unha administrativa.

O Obradoiro de Emprego desenvólvese no Centro Cultural de Valadares do Concello de Vigo, sito no Camiño do Pedregal, 6, e conta cun orzamento total de 288.807,00 €.

#### Obxectivo.

O VIGO CAPACITA V enmarcase dentro dos programas mixtos de formación e emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Centrado na aprendizaxe de Operacións básicas de Cociña e Operacións básicas de Restaurante-Bar, supón a cualificación técnica suficiente en ambos os dous oficios, para que o alumnado-traballador mellore a súa cualificación e nivel de empregabilidade dentro do actual mercado de traballo.

#### Plan formativo.

O obradoiro de emprego VIGO CAPACITA V, ten unha duración de 1.440 horas e inclúe no seu plan formativo un itinerario modular que completa os dous certificados de profesionalidade que se imparten: o HOTR0108 Operacións Básicas de Cociña e o HOTR0208 Operacións Básicas de Restaurante-Bar, (ambos de nivel 1); con outros módulos formativos de nivel 2, ampliándose as futuras competencias laborais do alumnado-traballador.

#### Finalidade dos nosos servizos e obras.

Para que se cumpra ese dobre propósito da adquisición de formación e experiencia profesional, o obradoiro de emprego realiza unha serie de servizos e obras dirixidos a diversos sectores da nosa cidade.

Prestación de servizos e obras.

- Elaboración e servizo de calor-café para o comedor social da Fundación Érguete-Integración.
- Elaboración e servizos de almozos semanais no comedor social da Fundación “Sal de la Tierra”.
- Servizo de Almozos Saudables para escolares, persoas con discapacidade e colectivos da terceira idade.
- Servizos de aperitivos para actos de clausura de cursos, entrega de diplomas que se desenvolvan en organismos da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo e outras entidades sen ánimo de lucro.
- Menús degustación dirixidos aos colectivos de escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade.
- Kids brunch dirixido a escolares de primaria, impartindo charlas sobre a nomenclatura de alimentos en inglés así como a terminoloxía e o protocolo de comidas.
- Xornadas de portas abertas, dirixidas a establecementos de restauración co fin de de dar a coñecer a capacitación profesional do alumnado-traballador cara a súa futura inserción laboral.
- Difusión nas redes sociais de receitas, enlaces, información de eventos, xornadas gastronómicas, feiras, artigos de prensa, premios, cursos de formación.

Itinerarios formativos modulares segundo o plan de formación:

HOTR0108 Operacións básicas de Cociña	
MÓDULOS FORMATIVOS	
MF0255-1	Aprovechamiento, preelaboración e conservación culinaria
MF0256-1	Elaboración culinaria básica
MF0261-2	Técnicas Culinarias
MF0262-2	Productos Culinarios

HOTR0208 Especialidade Operación básicas de Restaurante-Bar	
MÓDULOS FORMATIVOS	
MF0257-1	Servizo básico do restaurante-Bar
MF0258-1	Aprovisionamiento bebidas e comidas rápidas
MF1052-2	Servizo en Restaurante-Bar
MF0148-2	Servizo de viños
MF1051-2	Inglés profesional para servizo de restauración
MF1047-2	Bebidas

### Formación Complementaria

ACCIÓN FORMATIVA	CÓDIGO	DURACIÓN HORAS
Fornación para a Igualdade	FCOXXX00	10 H
Sensibilización Ambiental	FCOA02	9 H
Alfabetización Informática: Internet	FCOI01	10 H
Básico de Prevención de Riscos Laborais	FCOS02	30 H
Inserción Laboral: Técnicas de Busca de Emprego	FCOO01	15 H
Creación de Empresas	FCOXXX02	20 H
Manipulación de Empresas		3 H